

LIÑAS XERAIS DO ORZAMENTO DE 2006

Obxectivos que se propoñen para o ano 2006

O orzamento do ano 2006 da Universidade da Coruña permitirá avanzar no camiño de integración no Espazo Europeo de Educación e de Investigación emprendido nos exercicios anteriores, mantendo ao mesmo tempo a política de prudencia orzamentaria e o saneamento que vén permitindo afianzar a nosa solvencia financeira.

O orzamento experimenta un crecemento moi notable, o 14,5%, que permite superar por primeira vez a barreira dos 100.000.000 €. Este incremento provén fundamentalmente de dúas fontes: do aumento das transferencias recibidas da Xunta de Galicia como consecuencia da implantación do Plano de Financiamento 2005-2010, e da captación de fondos do FEDER para financiar investimentos, coa peculiaridade de que a parte destas que correspondería soportar á nosa institución será achegada pola Xunta de Galicia.

Os fondos dispoñibles orientaranse ao cumprimento dos seguintes obxectivos:

- Consolidar os procesos de estabilización, promoción e renovación do persoal docente e investigador.
- Continuar avanzando nos procesos de promoción do persoal de administración e servizos e desenvolver considerablemente a implantación da RPT recentemente aprobada.
- Reforzar a formación do persoal, incluíndo como novidades o arranque dun plano de formación inicial que contribúa a facilitar a adaptación do novo persoal docente e un programa de formación a distancia dirixido a PAS e a PDI.
- Incrementar substancialmente as bolsas a estudantes, e reforzar as actividades de relación co ensino secundario e a captación de alumnos.

- Duplicar os esforzos na adaptación ao Espazo Europeo de Educación Superior, concretados, entre outras accións, nos contratos programa para o deseño estratéxico e as políticas de mellora, de calidade e de innovación de centros, de departamentos e de servizos.
- Ampliar os apoios a unha investigación de calidade ao potenciar os Servizos de Apoio á Investigación e á OTRI e reforzar os programas de investigación propios, co obxectivo de promover a excelencia investigadora.
- Orientar o investimento en infraestruturas á dotación nos campus de Ferrol e da Coruña de servizos adecuados ás súas necesidades, como o Centro Cívico Universitario e o Centro de Linguas, e ao desenvolvemento do Parque e dos Centros Tecnolóxicos.
- Completar a modernización das comunicacións da UDC, cuxa rede a 10 Xb. formará parte da elite das existentes nas universidades españolas.
- Avanzar na política de calidade, mantendo as certificacións dos centros e dos servizos e estendéndoas aos laboratorios, ademais de dotar fondos para as accións de mellora derivadas das avaliacións dos servizos xa realizadas.
- Continuar a modernización dos sistemas de información para a xestión, concretada en proxectos como o sistema de seguimento de expedientes e o sistema de información para a dirección.
- Realizar un esforzo na dotación de medios materiais e humanos para o desenvolvemento dunha política cultural e deportiva que contribúa á formación integral dos estudantes e do resto da comunidade universitaria e da sociedade.

Liñas xerais do orzamento de ingresos e de gastos de 2006

O seguinte cadro resume o orzamento do ano 2006 e recolle a contía e o peso porcentual dos distintos capítulos de ingresos e de gastos. Co fin de ofrecer unha perspectiva dinámica, inclúense tamén os datos correspondentes ao orzamento do ano 2005, así como a porcentaxe de variación experimentado por cada capítulo.

| INGRESOS | 2005 | % | 2006 | % | VAR 05/06 |
|--|----------------------|----------------|-----------------------|----------------|---------------|
| Capítulo III: Taxas, prezos públicos e outros ingresos | 14.761.354,63 | 16,04% | 15.067.402,00 | 14,30% | 2,07% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 69.761.710,99 | 75,82% | 76.168.200,97 | 72,27% | 9,18% |
| Capítulo V: Ingresos patrimoniais | 305.000,00 | 0,33% | 313.510,00 | 0,30% | 2,79% |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 7.186.594,00 | 7,81% | 13.845.147,98 | 13,14% | 92,65% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 1,00 | 0,00% | 1,00 | 0,00% | 0,00% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | 0,00 | 0,00% | 0,00 | 0,00% | 0,00% |
| TOTAL ORZAMENTO DE INGRESOS | 92.014.660,62 | 100,00% | 105.394.261,95 | 100,00% | 14,54% |

| GASTOS | 2005 | % | 2006 | % | VAR 05/06 |
|--|----------------------|----------------|-----------------------|----------------|---------------|
| Capítulo I: Gastos de persoal | 65.229.919,62 | 70,89% | 70.720.872,27 | 67,10% | 8,42% |
| Capítulo II: Gastos correntes en bens e servizos | 13.854.360,00 | 15,06% | 15.651.135,95 | 14,85% | 12,97% |
| Capítulo III: Gastos financeiros | 126.500,00 | 0,14% | 138.000,00 | 0,13% | 9,09% |
| Capítulo IV: Transferencias correntes | 1.744.950,00 | 1,90% | 2.491.085,00 | 2,36% | 42,76% |
| Capítulo V: Fondo de continxencia | | | 1.000.000,00 | 0,95% | 49,37% |
| Capítulo VI: Investimentos reais | 10.814.041,00 | 11,75% | 15.153.278,73 | 14,38% | |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | 194.890,00 | 0,21% | 224.890,00 | 0,21% | 15,39% |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | 50.000,00 | 0,05% | 15.000,00 | 0,01% | -70,00% |
| Capítulo IX: Pasivos financeiros | | 0,00% | 0,00 | 0,00% | |
| TOTAL ORZAMENTO DE GASTOS | 92.014.660,62 | 100,00% | 105.394.261,95 | 100,00% | 14,54% |

A continuación analízanse as claves que permiten comprender en maior detalle estas cifras globais.

INGRESOS

Capítulo III. Prezos públicos e outros ingresos

Este capítulo experimenta un lixeiro incremento, que unido ao substancial crecemento doutros capítulos fai que caia a súa participación no conxunto dos ingresos. Este comportamento correspóndese co dos dereitos de matrícula, que representan un 93% do total do capítulo. Revisouse á alza a previsión do número de estudantes debido ao bo comportamento que exhibiron este ano as novas matriculacións, que mantiveron as cotas alcanzadas o curso anterior, aínda dentro dun contexto demográfico desfavorable.

Os custos indirectos dos proxectos de investigación aumentan substancialmente, como consecuencia da maior capacidade de captación de financiamento que veñen mostrando os nosos investigadores.

Capítulo IV. Transferencias correntes

As transferencias que financian o gasto corrente constitúen o maior capítulo de ingresos (72,3% do total, fronte ao 75,8% que representaban en 2005), e proveñen principalmente (en máis dun 99%) da Xunta de Galicia.

A maior partida, tanto do capítulo como do conxunto do orzamento, é o fondo de financiamento incondicionado, que se incrementa un 9,60%, pasando de 59.926.970,00 € a 65.679.959,00 €. A segunda en importancia, o fondo de nivelación, sobe un 10,60% (situándose en 3.168.137,00 €).

O resto das transferencias da Xunta de Galicia corresponden a contratos programa, sexenios, complementos autonómicos e financiamento do INEF e das prazas vinculadas do SERGAS. A súa evolución presente e prevista detállase no próximo apartado (Proxección do orzamento).

Capítulo V. Ingresos patrimoniais

O capítulo V recolle as concesións administrativas (que medran segundo o IPC) e os intereses a favor da institución e representa o 0,30% dos ingresos.

Capítulo VII. Transferencias de capital

Os ingresos por transferencias de capital son aqueles que están destinados ao financiamento de investimentos en infraestruturas, tanto nas novas como na renovación, na ampliación ou na mellora (RAM) das existentes e de proxectos de investigación. Aumentan un 65%, aínda que neste caso a contribución derivada do Plano de Financiamento experimenta un incremento de tan só un 3,5%. De feito, os ingresos para o novo investimento e RAM (6.106.283,00 €) son idénticos aos do exercicio anterior.

O grande incremento experimentado explícase de pola obtención de financiamento do FEDER (3.054.796,05 €). Ademais, debe destacarse que estes fondos só financian o 70% do investimento elixible e a institución solicitante debe complementar esa cifra, mais neste caso será a Xunta de Galicia a que contribuirá co 30% restante (1.309.198,31 €).

O financiamento de investimentos plurianuais supón uns dous millóns de euros.

Capítulo VIII. Variación de activos financeiros

Dótase coa cantidade simbólica de 1 €, o que significa que, por terceiro ano consecutivo, non se recorre a financiar gasto con cargo ao excedente de tesouraría.

Capítulo IX. Variacións de pasivos financeiros

Non se orzamenta a débeda.

GASTOS

Capítulo I. Gastos de persoal

O de persoal é o maior capítulo de gasto do orzamento (67,1%), aínda que medra menos que o conxunto deste (aumenta o 8,4% fronte ao 14,5% global).

As retribucións do persoal docente increméntanse algo máis do 6%. Este aumento ten a súa explicación en tres factores, que supoñen cada un deles aproximadamente un terzo da variación. En primeiro lugar, o incremento salarial xeral do 2%. En segundo lugar, o aumento das pagas extras, que pasarán de incluír o 60% do complemento de destino actual ao 80% na paga de xuño e o 100% en decembro, xunto coa variación nos trienios, quinquenios e sexenios, suporá polo menos outro 2% de subida salarial. O terceiro factor é a repercusión dos programas de estabilización, de promoción e de renovación do profesorado pasados e previstos.

No caso do PAS, o incremento do custo é do 13%. Desta cifra, cerca do 6% é o custo adicional do cadro de persoal actual, que inclúe a actualización de salarios e do aumento das pagas extras na mesma medida que para os docentes. A isto debe engadirse o custo da implantación do 50% (en termos financeiros) da RPT.

Capítulo II. Gastos en bens correntes e servizos

Este capítulo reduce moi lixeiramente o seu peso (14,9%) no total dos gastos. O conxunto dos mantementos, que soben un 13,2%, representa practicamente a metade do capítulo 2. O maior crecemento corresponde ás subministración, como consecuencia sobre todo do incremento do custo de electricidade e de combustibles, que absorbe un terzo do aumento total do capítulo. Mentres que o incremento xeral aplicado aos gastos descentralizados é do 5%, sen contabilizar a incorporación do Centro de Linguas como centro de gasto, as indemnizacións por razón de servizo redúcense un 17,5%.

Capítulo III. Gastos financeiros

Mantense a póliza de crédito de 6.000.000 € para atender as necesidades de tesouraría e cancelárase antes do fin do exercicio, como nos exercicios anteriores. Aínda que se prevén subidas de tipos de interese que incrementarán o custo financeiro, este compénsase parcialmente coa menor utilización da conta. En calquera caso, o importe dos interese supón un 0,13% do total dos gastos.

Capítulo IV. Transferencias correntes

Este capítulo, que recolle as bolsas e as axudas para persoas e institucións sen fins de lucro, increméntase nun 43%, ata alcanzar os 2,5 millóns de euros. As bolsas e as axudas a estudantes, a maior partida do capítulo, alcanzan 1.724.285 €, en torno a un 20% máis que

o ano 2005. Dentro delas, a transformación das bolsas predoutorais en contratos acompáñase dun incremento nos fondos destinados a este fin do 25,8%.

Capítulo V. Fondo de continxencia orzamentaria

O fondo de continxencia pasa do capítulo 6 ao capítulo 5, recentemente creado para tal efecto. O rigor na execución dos últimos orzamentos, unido ao saneamento xa efectuado neses exercicios, permite reducir a dotación do fondo de 1.350.000 € a 1.000.000 €.

Capítulo VI. Investimentos reais

O crecemento do capítulo de investimentos sitúase arredor do 30%, grazas ao investimento na rede de comunicacións de 3,5 millóns de euros, financiados nun 70% por fondos FEDER e nun 30% pola Consellería de Industria e Innovación.

Os investimentos en edificios e noutras construcións céntranse na dotación de infraestruturas para os campus de Ferrol e da Coruña e no impulso do Parque e dos Centros Tecnolóxicos. A pesar de que a transferencia da Xunta neste concepto permanece constante, incrementáanse lixeiramente os investimentos ata os 2.369.000 €, se ben ao esforzo orzamentario da nosa institución debe engadirse o empeño aplicado á captación de apoios externos, destacando o interese concitado polo proxecto da área residencial.

Debe destacarse, así mesmo, que se consignan con máis de medio millón de euros os equipamentos asociados a políticas de calidade e de converxencia co EEES.

Os programas de investigación da nosa universidade experimentan un crecemento do 36%, que permitirá non só manter as accións que se veñen executando senón acometer outras novas orientadas principalmente á potenciación da excelencia investigadora.

O investimento en fondos bibliográficos representa o 15% do capítulo, medrando en termos reais, aínda que sofre unha caída aparente por razóns de periodificación contable.

Por último, en correspondencia co capítulo 7 de ingreso, os investimentos plurianuais aportan ao capítulo uns dous millóns de euros.

Capítulo VII. Transferencias de capital

As transferencias de capital a institucións sen fins de lucro representan o 0,21% do orzamento e están dominadas polas contribucións comprometidas nos convenios co CEIDA e BUGALICIA.

Capítulo VIII. Variacións de activos financeiros

Dótase o capítulo con 15.000 € destinados á ampliación de capital prevista da Corporación Universidade da Coruña.

Proxección do orzamento

Co fin de realizar unha proxección de futuro do orzamento do próximo exercicio establécense en primeiro lugar as hipóteses de partida relativas á evolución de ingresos e de gastos, para proceder a aplicarlas ás principais magnitudes do orzamento.

Se ben o Plano de Financiamento ofrece información que facilita a estimación das previsións de ingreso ata 2010, o feito de estar desenvolvendo actualmente o Plano Estratéxico da UDC, que se implantará completamente en 2006 e definirá os obxectivos e proxectos centrais da institución, fai que non se considere oportuno estender excesivamente as estimacións de gasto, polo que o orzamento de 2006 se proxecta só ata 2007.

INGRESOS

A evolución da matrícula prevista o pasado exercicio revisouse á alza á vista do seu comportamento este ano, en que se mantivo a captación de alumnos e se melloraron as expectativas existentes.

O seguinte cadro recolle un resumo da evolución prevista das distintas partidas correspondentes á UDC recollidas no Plano de Financiamento das Universidades Galegas para o período 2005-2010:

| Concepto | Capítulo | Importe 2006 | Variación anual | |
|------------------------------|----------|-----------------|-----------------|----------------------------|
| | | | 2006 | 2007-10 |
| Financiamento incondicionado | IV | 65.679.959 | 9,6% | Ingresos non fin. Xunta |
| Contratos programa | IV | 734.773 | 10% | 13%-13%-16%-16% |
| Sexenios e complementos aut. | IV | 2.266.909 | | Variación das retribucións |
| Prazas vinculadas SERGAS | IV | 912.500 | | |
| Financiamento INEF | IV | 2.918.401 | | 3% |
| Fondo de nivelación | IV | 3.168.137 | 10,6% | Ingresos non fin. + 1% |
| Apoio á investigación | VII | 1.299.746 | 10% | 13%-13%-16%-16% |
| Investimentos | VII | 6.106.283 | | Constante |

A previsión de incremento dos ingresos non financeiros da Comunidade Autónoma elevou ata o 7,8%, en virtude do bo comportamento exhibido este ano por esta magnitude.

Por outro lado, optouse por unha estimación prudente da captación de fondos para investimento, reducindo ao 50% o financiamento do FEDER que se obtén en 2006 e o cofinanciamento deste pola Xunta de Galicia.

GASTOS

Os gastos estimáronse asumindo as seguintes hipótese:

- Implantación do 100% da RPT ao longo do ano 2007.
- Incremento das bolsas nun 5%, por enriba do índice de inflación previsto (3,5%).
- Incremento do gasto en publicacións debido á desaparición da excepcionalidade contable do ano 2006 en materia de publicacións periódicas
- Contención do gasto corrente, que se incrementaría segundo o IPC, o cal, á vista do crecemento das instalacións, supón un importante esforzo na eliminación do gasto superfluo.
- Crecemento dos investimentos en investigación nun 10%.
- O retroceso da partida de novos investimentos é a contrapartida da redución estimada nas transferencias de capital.

PROXECCIÓN DO ORZAMENTO DE 2007

| | 2006 | 2007 |
|---|-----------------------|-----------------------|
| INFLACIÓN ANUAL | 3,70% | 3,50% |
| | 2006 | 2007 |
| Capítulo III: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | | |
| EVOLUCIÓN DO ALUMNADO | -2,00% | -3,00% |
| INCREMENTO PREZOS PÚBLICOS | 4,00% | 4,00% |
| DEREITOS DE MATRÍCULA E PREZOS POR SERVIZOS ACADÉMICOS | 13.961.002,00 | 14.083.859,00 |
| OUTROS INGRESOS PROCEDENTES DE PRESTACIÓNS DE SERVIZOS | 1.037.400,00 | 1.120.392,00 |
| VENTA DE BENS | 10.000,00 | 10.350,00 |
| REINTEGROS | 51.000,00 | 51.510,00 |
| INGRESOS DIVERSOS | 8.000,00 | 8.280,00 |
| CAPÍTULO 3: TAXAS, PREZOS PÚBLICOS E OUTROS INGRESOS | 15.067.402,00 | 15.274.391,00 |
| Capítulo IV: TRANSFERENCIAS CORRENTES | | |
| INCREMENTO INGRESOS NON FINANCEIROS COMUNIDADE | 9,60% | 7,80% |
| FONDO INCONDICIONADO | 65.679.959,00 | 70.802.996,00 |
| TRANSFERENCIA INCONDICIONADA INEF | 2.918.401,00 | 3.005.953,00 |
| CONTRATOS PROGRAMA | 734.772,50 | 830.292,93 |
| SEXENIOS E COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS | 2.266.908,55 | 2.561.606,67 |
| PRAZAS SERGAS | 912.500,00 | 955.843,75 |
| ACHEGA POR NIVELACIÓN | 3.168.137,00 | 3.446.933,06 |
| ACHEGAS ENTIDADES FINANCEIRAS | 450.000,00 | 450.000,00 |
| OUTRAS ACHEGAS CORRENTES | 37.522,92 | 37.522,92 |
| CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES | 76.168.200,97 | 82.091.148,32 |
| CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS | | |
| INCREMENTO CAPÍTULO V INGRESOS PATRIMONIAIS | | 7,50% |
| CAPÍTULO 5 INGRESOS PATRIMONIAIS | 313.510,00 | 337.023,25 |
| Capítulo VII: Transferencias de capital | | |
| FONDO DE INVESTIMENTOS | 6.106.283,00 | 6.106.283,00 |
| ACHEGA DIRECTA APOIO Á INVESTIGACIÓN | 1.299.746,25 | 1.468.713,26 |
| TRANSFERENCIAS INVESTIMENTOS (FEDER+XUNTA) | 4.363.994,36 | 2.181.997,18 |
| OUTRAS TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 86.011,00 | 89.021,39 |
| FINANCIAMENTO INVESTIMENTOS PLURIANUAIS | 1.989.113,37 | 2.058.732,34 |
| CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 13.845.147,98 | 11.904.747,17 |
| Capítulo VIII: Activos financeiros | | |
| REMANENTES TESOURARÍA | 1,00 | 1,00 |
| CAPÍTULO 8: ACTIVOS FINANCEIROS | 1,00 | 1,00 |
| TOTAL INGRESOS | 105.394.261,95 | 109.607.310,73 |
| Variación interanual | | 4,00% |
| | 2006 | 2007 |
| GASTOS | | |
| CAPÍTULO 1 PERSOAL | | |
| SERGAS PRAZAS VINCULADAS | 912.500,00 | 955.843,75 |
| SEXENIOS INVESTIGACIÓN-COMPLEMENTOS AUTONÓMICOS | 2.266.908,55 | 2.561.606,67 |
| RESTO GASTO DE PERSOAL | 67.541.463,72 | 70.977.331,81 |
| CAPÍTULO 1 PERSOAL | 70.720.872,27 | 74.494.782,23 |
| CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE | | |
| CRECIMENTO CAPÍTULO II GASTO CORRENTE B+S | | 3,5% |
| CAPÍTULO 2: GASTO CORRENTE | 15.651.135,95 | 16.198.925,71 |
| CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO | | |
| TIPO XURO | 3,40% | 3,40% |
| VOLUME OPERACIÓN DE TESOURARÍA | 6.000.000,00 | 6.000.000,00 |
| CAPÍTULO 3: GASTO FINANCEIRO | 138.000,00 | 138.000,00 |
| CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES | | |
| INCREMENTO CAPÍTULO IV TRANSFERENCIAS CORRENTES | | 5,00% |
| CAPÍTULO 4: TRANSFERENCIAS CORRENTES | 2.491.085,00 | 2.615.639,25 |
| CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA | | |
| FONDO DE CONTINXENCIA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA | 1.000.000,00 | 1.000.000,00 |
| CAPÍTULO 5: FONDO DE CONTINXENCIA | 1.000.000,00 | 1.000.000,00 |
| CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS | | |
| EVOLUCIÓN INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA | | 10,00% |
| EDIFICIOS, MAQUINARIA, MOBILIARIO, INFORMÁTICA | 9.898.654,36 | 8.654.522,79 |
| FONDOS BIBLIOGRÁFICOS | 1.973.250,00 | 2.751.288,75 |
| GASTOS EN INVESTIMENTOS DE CARÁCTER INMATERIAL | 1.586.476,18 | 1.642.002,85 |
| INVESTIGACIÓN CIENTÍFICA | 1.694.898,19 | 1.864.388,01 |
| CAPÍTULO 6: INVESTIMENTOS REAIS | 15.153.278,73 | 14.912.202,40 |
| CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | | |
| EVOLUCIÓN TRANSFERENCIAS CAPITAL | | 3,50% |
| CAPÍTULO 7: TRANSFERENCIAS DE CAPITAL | 224.890,00 | 232.761,15 |
| CAPÍTULO 8: VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS | | |
| ACTIVOS FINANCEIROS | 15.000,00 | 15.000,00 |
| CAPÍTULO 8: VARIACIÓN ACTIVOS FINANCEIROS | 15.000,00 | 15.000,00 |
| CAPÍTULO 9: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS | | |
| CAPÍTULO 9: VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCEIROS | 0,00 | 0,00 |
| TOTAL GASTOS | 105.394.261,95 | 109.607.310,73 |
| Variación interanual | | 4,00% |

Valoración final

O orzamento do ano 2006 da Universidade da Coruña experimenta un crecemento superior ao 14,5%, o que o sitúa por enriba dos 105 millóns de euros.

O aumento dos fondos dispoñibles provén fundamentalmente do incremento en máis dun 8% dos fondos transferidos pola Xunta de Galicia en aplicación do Plano de Financiamento 2005-2010 e da captación de máis de 4 millóns de euros para investimentos cofinanciados polo FEDER e pola Xunta de Galicia.

Este crecemento dos ingresos permite asumir o cumprimento dos compromisos da institución, tratar os obxectivos priorizados polo equipo de goberno e avanzar na consolidación da solvencia financeira sen necesidade de acudir ao endebedamento.

A orientación do gasto á consecución dos obxectivos sinalados tradúcese nun incremento moi superior ao global das partidas destinadas a bolsas, a investigación e a investimentos, mentres que se conteñen os gastos correntes e se reduce o peso relativo dos gastos de persoal.